

**PROGRAMA O TEU XACOBEO**  
**PROXECTOS NOVOS PARA DINAMIZACIÓN DO XACOBEO 2021**

**EXPRESIÓN DE INTERESE**

**1.-OBXECTO**

Co obxectivo de participar na convocatoria de axudas a proxectos orixinais de dinamización do Ano Santo Xacobeo 2021, e na consideración de que o número de propostas por institución esta restrinxida a 3, as Vicerreitorías de Investigación e Innovación e de Comunicación, Cultura e Servizos publican esta convocatoria de **expresión de interese**, para coñecer as iniciativas previstas.

**2. CARACTERISTICAS DA CONVOCATORIA**

As actividades desenvolveranse dentro dos seguintes ámbitos e disciplinas:

- Ámbito artístico
- Patrimonio
- Gastronomía
- Ámbito deportivo
- Ámbito Social

Os proxectos presentados deberán desenvolverse no Territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e adherirse cando menos a tres dos seguintes obxectivos do Xacobeo 2021.

- Obxectivos estratéxicos fixado polo Consello Xacobeo para o Xacobeo 2021, (artigo 1. 3 a) da convocatoria.
- Obxectivos estratéxicos da Comisión Organizadora do Xacobeo 2021 en Galicia, (artigo 1. 3 b) da convocatoria.

**2.-GASTOS ELEXIBLES**

Teñen a consideración de gastos subvencionables aqueles gastos que de xeito indudable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen dende o 1 de xaneiro do ano 2019 ata o 30 de abril de 2020.

En ningún caso serán subvencionables os seguintes gastos:

- Gastos ordinarios de funcionamento e mantemento da entidade.
- Salarios de persoal propio nunha contía superior ao 10% do orzamento subvencionado
- Gastos protocolarios

- Dotación de premios
- Imprevistos
- Inversións e adquisicións de material, equipos ou calquera outro gasto que supoña un incremento para o patrimonio do beneficiario.
- Gastos excluídos no artigo 29 da Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia

### **3.-PROCEDEMENTO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

As **EXPRESIONS DE INTERÉS** ([anexo I](#)), dirixidas á Vicerreitoría de Investigación e Innovación, enviaranse ao enderezo electrónico [recursoshumanos.programas@usc.es](mailto:recursoshumanos.programas@usc.es) en asunto indicarse **expresión de interese Xacobeo 2021.**

### **4.-PRAZO DE PRESENTACIÓN**

O prazo de presentación de propostas rematará ás 10 horas do 05/02/2019

Santiago de Compostela,

*A Vicerreitoría de Investigación e Innovación  
A Vicerreitoría de Comunicación, Cultura e Servizos*